

VIEIROS

Edición xeral

A vida apoteósica

-¿A que hora sae a rapaza?

-Cando lle pete. Acompañaa tu, se tal. Ensínalle a mexar a cervexa.

Rótolo humillou a vista cara o prato barnado, graos de arroz branco atrapados nun barro solto, como o que luxa as calzadas coas primeiras chuvias. Restroballos dunha receita boricua: *arroz con habichuelas...*

- 16:51 20/07/2001

A cachoeira de pensamentos arrástrao entre laxes de arestas que mancan. *Borinquén, la isla del Edén, que en su cantar el gran Gautier llamó la perla de los mares, ahora que tú te mueres con tus pesares...* Por un instante, cantaruxando so a lámpada que colga baixa sobre a mesa, moldurado nun cono de luz igualiño ó das salas de interrogatorio, métese na pelica dun líder caraíba que tronza os vencellos do Estado Asociado de Porto Rico. Esta muller empeñada en furarlle o estómago con pratos exóticos. Esta muller que marcha da cocíña pra rexistrar os ar-marios e elixir o vestido a xogo coa noite de troula, o conxunto que a fávoreza ós ollos do amante.

A noite festiva principiará cun pregón de famosos da televisión orneando desde o corredor do Pazo de Raxoi, sobre a praza atestada de turistas e labregos da contorna. Cando el era asesor da alcaldía, desfilou por ese balcón un rabaño de celebridades, dándolle lustre á verbena do Apóstolo. Estrelas que lle recomendaba ó Concello, competindo coa Vía Láctea. Que gusto sacar de pluma luxosa (a muller aínda se acordaba entón do seu aniversario) e asinar cheques de duascentas mil, trescentas, medio millón de pesetas, en fávore dese bando de pegas. Con cartos que non eran del, que el non choraba, porque Santiago é unha cidade de primeira e non un lugarexo con bulleiro nas canellas. Cartos pró bulsón dunha folclórica. *¡Ay, Rótolo, qué fiestas divinas!* Pasear coa artista en calesa de dous cabalos pedreses, *Cómpreme usted violetas que son las primeras.*

-¿Que rosmas? -pregunta a muller desde o dormitorio.

-Nada -interrompe a cantiga, abandona a voz maricon-. Quero saber cando vai saír do baño a rapaza. Esa rapaza que el poupeaba de bebé, que embutiu de di-ñeiro e protexeu das rifas materns durante anos. Ese amor de rapaza que medrou ata converterse en fátala perdida, que está trousando no váter como hai Deus, odiando as nádegas que almacenan o pouco que non vomita.

Rótolo érguese e leva os pratos ó fregadeiro. Pon carantoñas de concurso de feos porque lle dá noxo meter os dedos na gordura, porque lembra que, sendo neno, xogaba a compor visaxes raras e recibía un hostión do seu pai: «¡Non poñas cara de parvo que despois non se che quita!» Debería quitarlle o vicio de arroxar a comida. Tería que botar abaixo a porta do baño e partirlle a cara: «¡Tu non vas ser nunca modelo, esqúécete de conquistar un conde vil de revista!» Pero segue lavando a louza con fatiga, culpándose por ter montado un día na esposa e concibido unha top-model de barrigola biafreña que aumenta co xexún, unha imbécil que só se preocupa da inchazón dos hemisferios traseiros cando o occidente e o oriente do seu cerebro caben na casca dunha noz.

Cun couce despediuno o alcalde, retirándolle o salario as-tronómico sen explicacións, coma quen pisa unha cabicha consumida. A el, que trouxo á cidade as mellores programacións, ciclos de cinema, grupos de teatro, concertos de música resoante na imprensa de Madrid. Ese pedáneo enfunchado que se permitiu afearlle as comisións que esixía das galerías de arte, ó recomendar a compra institucional de obras pra aformosar o Consistorio. Cos prosas que tivo que aturar, ríndolles as gracias a escultores borrachuzas, a pintores tolos e pavesas, a críticos memos, tolos e beodos. Relacionándose con xenios de indíxible grosería, que soñan con chimpas as azafatas das exposicións; que lanzan diatribas contra a pintura abstracta promovida pola CIA, contra os figurativos patrocinados polo FBI; que che botan o alento pu-trefacto e che perdoan a vida de fontaneiro da política. ¿Aturar esas impertinencias a cambio de nada? Argallar esa farsa a maior gloria do primeiro edil, ¿non vale cartos? ¿Pensa o poli-tiquiño que el non percibe o fondo do cadro? Sabe que no primeiro plano hai títeres e calote. O importante son os pormenores, o detalle do artista que, no traxecto do aeroporto á sala de exposición, lle quixo meter mao á relación pública do municipio, coidadosamente seleccionada por Rótolo pra aquela misión, atendendo á caluga rapada, ás pernas de bailadeira, ó castelán sen sotaque galaico.

Compostela, a pesar das Damas, dos Cabaleiros, dos Padres da Igrexa, non é a Xerusalén Celeste. Esa é a conclusión que tirou en anos de asesoría. Unha tal decepción había que cobrala. Como fai o Excelentísimo Altruísta, que arrapaña un soldo millonario e conta coa estatuíña nunha praza, co título de fillo predilecto e co seu nome nunha rúa, o día que se retire. ¿Pensaba meterlle o dedo nos ollos coa lería do proxecto de cidade, a capital da cultura e o Ano Xubilar Nonseicantos? As desilusións páganse, amigo. Cobrounas amoxetando as tipas que traballaban ás súas ordes. Desquitouse con aquela escritora convidada a proferir desde a palestra, que botaba sesenta e oito quilos de carne de primeira.

...

Amador Salgado engurraba o bico, a pesar do aire festeiro da cidade, que varría a Porta Faxeira desde o semáforo da entrada da Alameda ás terrazas dos cafés. O seu incomodo maldicía os prezos turísticos que lles aplicaban ás consumicións os avarentos hosteleiros da zona, así como o mal gusto que mantiña as cadeiras de plástico, afeando a rúa e desafiando as ordenanzas municipais que prescriben o ornato de Compostela. Pero a desazón que lle facía compor o lazo da paxarela cada dous segundos, prender un cigarro, reordenar o morico de libros que tiña ante si, ocupando toda a mesa, e luxarse coas pingas de café vertidas polo pulso trémulo, viña de máis atrás e de máis lonxe. Concretamente do país traseiro ourensano, a cen quilómetros de distancia.

Esa longanía -mtesis, na alta cultura dos montes gregos- é condición necesaria do coñecemento. Amador coñecerálle a carraxe á nai, aínda deformada polo cable telefónico. «Hai cousas ben piores», dixera a vella, «fillos que nunca máis se acordan dos pais ou que andan de cárcere en cárcere». Intuíu que ela preferiría visitalo nos presidios de media España, serlle útil no porte de viandas e de prendas de la, antes que velo de Pascuas en Ramos e contentarse coa chamada dominical, un mesquiño intercambio de frases cortesías. De cando en vez, o fillo concedíalle unha oportunidade, admitindo que necesitaba acudir ó podólogo ou cambiar de lavandería pra que non lle desgraciasen os xerseis de caxemira. A esas cuestións de intendencia agarrábase a vixilancia maternal, deitando un cachón de reproches ben recibidos (Amador sentía o estarrique de orellas, o pescozón, sentía o cordón umbilical aínda preso por un fio): «¡Vai dunha vez a que che quiten o calo, cabaliño! ¡Abandónaste ata que xa non hai remedio. E teste por listo, collonvao, ¡Deus me perdoe se pecho!» A vella regresaba á vida por un instante, volvía a ser nai e sobrenadaba a habitual modorra estuporante que xa non curaban as novelas televisadas nin os libros píos.

Pero esa non era a vida de Amador. El non acudía á Biblioteca de Buenas Lecturas das Casas Reais, como sen dúbida faría mamá se fose un bo fillo e a trouxese a vivir a Santiago. El tiña sobre a mesa, dando que falar ós demais clientes da terraza, asabaneados de que alguén sacase os libros de paseo, todo un surtido de existencias azarosas, de bandoleiras, cocottes, guerrilleiros e piratas: *Juventud de Pepa Loba*; *Carolina Otero, bailarina del mundo*; *Los recuerdos y la vida íntima de la Bella Otero*; *La Burla Negra*; *Amargas han sido las horas*; *El milano de los mares*; *O pirata da Moureira*; *El maquis en sus*

documentos. Estaba engolfado na saudade de biografías apoteósicas, e a súa nai xa non lle era nada. Tal constatación, anque triste, non conseguía apartalo da determinación que o sostiña no horario laboral picando billetes á entrada dun cinema, acomodando espectadores coa lanterna-, a que lle daba azos para desafiar os murmurios da xente ignara cando sentaba nos cafés, tras un parapeito de volumes en rústica.

Bieito Iglesias

Fragmento extraído de *A Vida apoteósica* (Xerais, Vigo, 2001)